



Dous virus detectados no norte de España están a causar a morte masiva de varias especies de anfibios, algúns deles catalogados como ameazados e a piques da extinción.

O problema detectado no ano 2005 no Parque Nacional de Picos de Europa acaba de ser localizado por un grupo de investigadores españois e británicos no Encoro de Pontillón de Castro, en Pontevedra, segundo da conta este venres [o portal científico Materia](#) .

Estes patóxenos coñecidos como “ranavirus” causan a morte de milleiros de exemplares ao ano e chega a producir a extincións de poboacións enteiras nos ecosistemas afectados. A súa localización a menos de 50 quilómetros do Val Miñor esperta gran preocupación pois o patóxeno amosa estar en expansión.

Os investigadores identifican aos culpables destas “mortes en masa” como dous "ranavirus" da mesma familia. Trátase de patóxenos emerxentes que infectan a peixes, réptiles e anfibios e que nestes últimos causan unha enfermidade letal, da que xa se fala como o “**ébola dos anfibios**” . Trala súa aparición nos Picos de Europa e recente detección no Encoro de Pontillón, a máis de 200 quilómetros de distancia, os especialistas creen que a explicación máis axeitada para a propagación do virus é a intervención humana. Estes *ranavirus*

“*sobreviven na auga , pero tamén son moi resistentes a ambientes secos e temperaturas altas, poden adherirse ás patas dun animal, ás botas dun montañeiro ou a unha piragua, sobrevivir*

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 18 Outubro 2014 01:33

semanas e así saltar de zona, incluso de país”

explica Jaime Bosch, do Museo Nacional de Ciencias Naturales (MNCN) e membro do equipo que elaborou o informe.

O Val Miñor: Os “fungos malditos” e agora o “ranavirus” unha ameaza para as turbeiras.

A pesar da recente aparición do patóxeno en Galicia, a ameaza aos ecosistemas do Val Miñor non é noticia para os especialistas da zona. **Dende hai anos unha serie de “fungos malditos” colonizaron varias turbeiras e pozas da bisbarra provocando morte e declive na poboación de anfibios locais.**

fungo

chytrium dendrobatidis

sobre o cal se están

[facendo grandes esforzos por estudar e combater en todo o continente europeo](#)

dende 2012.

En especial o
Batracho

Xilberte Manso (IEM), sinala que dende hai anos existe preocupación pola detección dos “ranavirus” en parques naturais e amplas zonas de América. A chegada era cuestión de tempo. Nese senso sinalou a importancia de tomar as maiores precaucións e facer un seguimento de verdadeiros paraísos naturais poboados de anfibios na bisbarra.

O técnico ambiental, Afonso Rodríguez González, sinala **as turbeiras da Chan do Cereixo** en Gondomar, as de

A Valga,

así como

as pozas estacionais

localizadas nos cumes

das serras da Groba e o Galiñeiro

. Todas elas

poboadas por diversas especies de anfibios algúns case únicos en Galicia como o sapo de esporóns

, verdadeira xoia da fauna galega redescuberta recentemente na Groba.

Engade outras especies ameazadas como a **rabilonga e outras pínegas, o sapiño comadrón, a ra das veigas, o sapo corriqueiro, a ra estroza (catalogada como vulnerable), a patilonga e a verde común**

, todas especies da fauna galega presentes nestas zonas do val. Todas elas de gran importancia no

ecosistema como consumidoras de lemas, insectos e outras pragas, á vez que alimento doutros depredadores como **as serpes acuáticas (cobras de auga)**. Esta última aparentemente tamén afectada de xeito mortal polo patóxeno segundo o atopado no encoro pontevedrés.

Rodríguez González sinala que existe un declive anfibio a escala planetaria por mor de diversas causas, entre as que se atopa as intervencións irrespectuosas do home, os fungos e agora este patóxeno viral. Explica que **os anfibios** pola particularidade da súa pel carente de proteccións como pelo ou escamas os fai particularmente febles e desprotexidos. De feito **son utilizados como bioindicadores, a súa presenza ou desaparición alerta aos investigadores sobre as condicións dun medioambiente determinado.**

Contaxio: Un virus que salta entre especies

O equipo anglo-español resalta a importancia de estudar estes virus capaces de saltar entre especies, unha capacidade que os asemella a outros patóxenos como o **ébola ou o VIH**. Sinalan que os ravirus tamén se transmiten por contacto entre animais infectados e causan fortes hemorragias e danos en varios órganos internos, uns síntomas “similares aos do ébola”, di Bosch. Os ravirus solo afectan a animais de sangue fría e neste caso tamén hai portadores que non amosan síntomas: os peixes. De feito a reintrodución de troitas ou salmóns tamén supoñen un risco xa que basta que o virus estea na auga para poder contaxiar a anfibios”, apunta Bosch .

A Xunta foi alertada.

Tanto as autoridades do Parque Nacional de Picos de Europa como da Xunta de Galicia están advertidas do problema, asegura o investigador do MNCN. No Parque Nacional incluso barallaron a posibilidade de valar os lagos onde hai brotes para evitar a diseminación do virus, aínda que até o de agora non se tomaron medidas concretas. Bosch reconece que **conter un virus como estes é “complexísimo”**

pero si sinala que hai unha mensaxe clara para a xente que visita estas zonas de montaña: **“é importante non coller animais e levalos para soltalos noutro lugar”**.

Os expertos miñoranos tamén salientan a **importancia da implicación das administracións públicas, que dende hai varios anos non teñen a conservación da natureza entre as prioridades políticas.**

anfibios

[prohibida en Galicia](#)

Engaden que a captura de [está especialmente](#)

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 18 Outubro 2014 01:33

Salientan que é

preciso reaccionar con urxencia, especialmente na posta en marcha dos plans de conservación, o rescate e censos aos que están obrigados por lei e que ultimamente están esquecidos ou demorados pola Xunta de Galicia.